

CONVOCATORIA DE POSTO DE PROFESOR/A PARA DOCENCIA PRÁCTICO CLÍNICA NA ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA A CORUÑA, NA MATERIA DE:

ESTADIA CLINICA I (dous posto).

CARACTERÍSTICAS DO POSTO:

Docencia: Teórico-práctica. (Laboratorio)

Centro: Escola Universitaria de Enfermaría A Coruña, adscrita a Universidade da Coruña

Lugar: Escola Universitaria de Enfermaría A Coruña. Campus de Oza

Horario: Mañá/tarde.

Categoría: Profesor/a

Vinculación coa Universidade: Venia docendi

Dedicación: Tempo parcial.

Inicio: Curso académico 2022/23

Funcións a desenvolver: Planificación, docencia, coordinación e avaliación da aprendizaxe práctico clínica en laboratorio e outras funcións inherentes ao desempeño da docencia.

PROCEDIMENTO DE ACCESO

A provisión de postos de profesorado da Escola Universitaria de Enfermaría A Coruña rexerese polo disposto na normativa seguinte:

- Decreto 242/2008, de 9 de outubro, polo que se regulan a natureza, os fins e os órganos de goberno das escolas universitarias de enfermaría dependentes da Consellería de Sanidade.
- Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades (BOE de 21 de decembro), coas modificacións introducidas pola Lei orgánica 4/2007, de 12 de abril (BOE 13 de abril)
- Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia de 13 de maio de 2004 (DGA de 26 de maio de 2004)
- Os acordos establecidos polos Órganos de Goberno da Escola aplicables a convocatoria.
- A restante normativa xeral de aplicación.

CONVOCATORIA E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.- As solicitudes para a participación de acceso (Anexo I), dirixiranse a Directora do Centro no prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria.

2.- Os impresos de solicitude e a convocatoria estarán accesibles na web da Escola de Enfermaría A Coruña <http://www.enfermariacoruna.es/>, apartado “Novas” e no taboleiro de da Escola (andar baixo)

3.- Xunto coa solicitude, deberán presentar a documentación acreditativa de reuniren os requisitos para a participación que se establecen na convocatoria.

A Documentación presentarase na Secretaría da Escola Universitaria de Enfermaría A Coruña, Campus de Oza.

Código Seguro De Verificación	jOp7oTVqeRvWVmMsYbVbhQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a Escola Universitaria de Enfermaría - Rosa Mª Pita Vizoso	Asinado	23/06/2022 14:10:05
Observacións		Páxina	1/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/jOp7oTVqeRvWVmMsYbVbhQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



REQUISITOS DOS/AS CANDIDATOS/AS

Conforme ao establecido na lexislación vixente establécense os seguintes requisitos:

-De carácter xeral

- 1.- Ter cumpridos dezaoito anos e non haber cumprido os setenta
- 2.- Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo da Administración do Estado, da Administración Autónoma Institucional ou Local, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- 3.- Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións correspondentes ao posto convocado.

- De carácter específico

- 1.- Ser enfermeira/o con nomeamento de praza en propiedade ou interinidade, en situación de activo no Servizo Galego de Saúde.
- 2.- Perfil académico:
 - a. Estar en posesión dos títulos de Diplomada/o ou Graduada/o en Enfermería e Doutor/a
 - b. De non existir aspirantes co perfil académico anterior, poderán optar ao posto tituladas/os que estean en posesión do título de Diplomada/o ou Graduada/o en Enfermería.
- 3.- Dispor de quenda laboral susceptible de compatibilizar coa actividade docente.

DOCUMENTACIÓN

As persoas aspirantes, para seren admitidas no proceso de selección, acompañarán a súa solicitude cos seguintes documentos:

- a. Copia do DNI ou documento equivalente.
- b. Copia compulsada ou legalizada dos títulos académicos esixidos para cada figura ou certificación que acredite o pagamento dos dereitos para a súa expedición. Caso de ter realizado os seus estudos fóra do estado español, a titulación académica deberá estar homologada polo Ministerio de Educación e Ciencia. No caso de candidatos con títulos da Unión Europea, presentarán a homologación ou a credencial de recoñecemento dirixido ao exercicio da profesión.
- c. Curriculum Vitae. Para ver modelo entrar na paxina Web da Escola <http://www.enfermariacoruna.es/>. apartado de “Novas”
Os documentos acreditativos do curriculum vitae presentaranse **encadernados e foliados, na mesma orde e referencia que aparece no curriculum, con separatas en cada apartado**, estendendo ao final unha dilixencia axustada ao modelo. Todos os documentos deberán acreditarse coa certificación da actividade correspondente (docente/profesor, relator...)
- d. Proxecto docente referido a materia que debe incluír:
Propósito xeral materia.
Competencias da materia
Metodoloxía docente
Avaliación

Código Seguro De Verificación	jOp7oTVqeRvWVmMsYbVbhQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a Escola Universitaria de Enfermería - Rosa Mª Pita Vizoso	Asinado	23/06/2022 14:10:05
Observacións		Páxina	2/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/jOp7oTVqeRvWVmMsYbVbhQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



A información sobre as materias está dispoñible na páxina web da Escola ou na Memoria do título de Graduado/a en Enfermería pola Universidade da Coruña.
http://www.enfermariacoruna.es/documentos/estudios/grado/1.Memoria_Titulo_Graduado_Enfermaria.pdf
<http://www.enfermariacoruna.es/documentos/estudios/2016/Memoria-modificada-8-3-2016.pdf>

RELACIÓN DE CANDIDATAS/OS ADMITIDAS/OS E EXCLUÍDAS/OS

Nun prazo máximo de cinco días naturais, desde o seguinte á finalización do prazo de presentación de solicitudes, a Comisión redactará unha acta en que se reflectirá a listaxe de admitidas/os e excluídas/os, segundo os requisitos da convocatoria.

Os aspirantes disporán dun prazo de cinco días hábiles, que contarán a partir do seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web da Escola, para poder emendar o defecto que motivou a exclusión ou a omisión.

As emendas deberán ser dirixidas a Presidenta/e da Comisión e entregadas no rexistro do Centro.

PROPOSTA DE DESIGNACIÓN

Nun prazo máximo de cinco días naturais, dende o seguinte á finalización do período de emendas, a Comisión redactará unha acta na que se reflectirá a listaxe definitiva coa puntuación acadada por cada un dos concursantes, segundo o baremo establecido; e formulará a súa proposta de resolución na que figurará a persoa candidata ou candidatas seleccionadas por orde de puntuación.

Esa proposta de resolución farase pública no taboleiro de anuncios do Centro, concedéndolle a cada unha das persoas concursantes **un prazo de cinco días hábiles**, contados a partir da publicación, para poder presentar reclamacións razoadas contra esta proposta.

As reclamacións deberán ser dirixidas a Presidenta/e da Comisión e entregadas no rexistro do Centro.

Transcorrido o prazo, e no suposto de que non se presentase reclamación ningunha contra a proposta, a/o Presidenta/e da Comisión remitirá todas as actuacións practicadas á Dirección, aos efectos da resolución definitiva para a solicitude da Venia Docente a Universidade e a comunicación a Consellería de Sanidade.

COMISIÓN DE SELECCIÓN

A constitución da Comisión de selección será aprobada polo Padroado da Escola, actuando como presidenta/e a Directora e como secretaria a Secretaria Académica.

Nos casos de ausencia ou causa xustificada que impidiren a actuación da/o presidenta/e ou da/o secretaria/o da Comisión, serán substituídos respectivamente polos/as profesores/ras do Centro.

Código Seguro De Verificación	jOp7oTVqeRvWVmMsYbVbhQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a Escola Universitaria de Enfermería - Rosa Mª Pita Vizoso	Asinado	23/06/2022 14:10:05
Observacións		Páxina	3/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/jOp7oTVqeRvWVmMsYbVbhQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



DISPOSICIÓN ADICIONAL

O profesor/a con nomeamento de interinidade realizará a actividade docente o tempo que dure este nomeamento no Servizo Galego de Saúde.

A Directora

Rosa M^a Pita Vizoso

Código Seguro De Verificación	jOp7oTVqeRvWVmMsYbVbhQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a Escola Universitaria de Enfermería - Rosa M ^a Pita Vizoso	Asinado	23/06/2022 14:10:05
Observacións		Páxina	4/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/jOp7oTVqeRvWVmMsYbVbhQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ANEXO I

A/o interesada/o

Primeiro apelido:	Segundo apelido:	Nome:	DNI/NIF:

Enderezo a efectos de notificación

Rúa		Localidade	
CP	Provincia	Teléfono	Enderezo electrónico

Centro: Escola Universitaria de Enfermaría A Coruña	Dedicación: Parcial
Materia: Estadía Clínica I	

EXPÓN:

SOLICITA:

A Coruña de..... de
(Sinatura da/o interesada/o)

SRA. DIRECTORA DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA A CORUÑA.

Código Seguro De Verificación	jOp7oTVqeRvWVmMsYbVbhQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a Escola Universitaria de Enfermaría - Rosa Mª Pita Vizoso	Asinado	23/06/2022 14:10:05
Observacións		Páxina	5/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/jOp7oTVqeRvWVmMsYbVbhQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

